



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023466	Lamas de Abade	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0845	Técnicas de corte do cabelo	2024/2025	12	210	252

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ANA MARÍA VARELA PENA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O MP0845 Técnicas de corte do cabelo pertence ás cualificacións profesionais completas incluídas no título: Peiteado, IMP119_2 (Real decreto 1087/2005, do 16 de setembro), polo que se adquire un nivel profesional de grao medio.

De acordo o establecido no artigo 8 da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, este Módulo profesional (MP0845. Técnicas de corte do cabelo) acredita ao alumnado a unidade de competencia, UC0351_2: Cortar o cabelo e realizar o arranxo e o asurado de barba e bigote.

o Título de Técnico en Peiteado e Cosmética Capilar esytá recollido no Real Decreto 1588/2011, de 4 de novembro

Este Módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de realización de técnicas de cambios de lonxitude do cabelo.

*As liñas de actuación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

¿ Recompilación e interpretación de datos da observación do cabelo e coiro cabeludo.

¿ Recompilación de información técnica sobre estilos de corte a través de distintos formatos.

¿ Análise morfolóxica e de estilos persoais e sociais.

¿ Preparación do posto de traballo.

¿ Selección e aplicación de aparellos, materiais e útiles.

¿ Selección e aplicación de técnicas de corte.

¿ Realización de estilos de corte.

¿ Identificación das medidas de seguridade e hixiene nos procesos.

¿ Verificación do resultado final do proceso técnico.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de realización de técnicas de cambio de lonxitude do cabelo.



* As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

¿ Selección de estilos de corte.

¿ Procesos de corte con tesoiras.

¿ Procesos de corte con navalla.

¿ Procesos de corte con maquinilla.

* As ocupacións e os postos de traballo máis saintables son os seguintes:

- Peiteador/ora.
- Barbeiro/a.
- Técnico/a en coloracións capilares.
- Técnico/a en cambios de forma do cabelo.
- Técnico/a en corte de cabelo.
- Técnico/a en postizaría.
- Técnico/a en manicura.
- Técnico/a en pedicura.
- Técnico/a ou axente comercial de empresas do sector.
- Recepcionista en empresas de peiteado.
- Demostrador/ora de equipamentos, cosméticos e técnicas de peiteado

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O posto de traballo	Coñecer as boas prácticas profesionais, usos e costumes, posicións, educación e modais. Aplicar as normas de mantemento do material.	15	4



**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
2	Personalización das técnicas do corte	Elementos visuais que modifica a técnica de corte. Parámetros que caracterizan a técnica do corte. Diferenza entre técnicas, tipos e estilos	22	10
3	Características que inflúen na elección do corte	O cabelo e coiro cabeludo.O Visaxismo para o corte	25	8
4	Corte con tesoiras	Características, planificación e realización do corte	57	20
5	Corte coa navalla	Características, planificación e realización do corte	38	19
6	Corte coa maquinilla	Características, planificación e realización do corte	45	19
7	Coordinar estilos e técnicas de corte	Características, planificación e realización dos cortes con diferentes técnicas e empregando varias ferramentas de corte	50	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O posto de traballo	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara e identifica a zona de traballo, para o que selecciona os medios, os utensilios e as ferramentas.	NO

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as instalacións e os espazos onde se vaian realizar os procesos de corte do cabelo.
CA1.4 Detállanse as pautas básicas para a recepción e a atención á clientela.
CA1.5 Simúlense a recepción e a atención á clientela coa aplicación de técnicas de comunicación e normas de comportamento.
CA1.6 Identifícanse as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de corte do cabelo.



Criterios de avaliación
CA1.8 Descríbense as normas que definen unha correcta imaxe profesional.
CA1.10 Identifica as actitudes e as destrezas necesarias para o desempeño do proceso de corte do cabelo.
CA1.11 Caracterízanse as posicións anatómicas adecuadas e as medidas de protección persoal e da clientela no proceso de corte do cabelo.
CA1.12 Caracterízanse as ferramentas e os utensilios necesarios para o proceso.
CA1.13 Seleccionáronse modelos básicos de tesoiras, navallas e máquinas.
CA1.14 Establecéronse pautas para unha correcta hixiene postural.
CA1.15 Seleccionouse a lenzaría e os utensilios auxiliares para o corte.

4.1.e) Contidos

Contidos
Distribución de espazos. Ambiente: importancia da luz e do sistema de renovación do aire.
Utensilios e ferramentas de corte: características, tipos (peites e cepillos, tesoiras, navallas e máquinas), elementos e accesorios.
Recepción e atención á clientela para o proceso de corte do cabelo. Normas para a primeira cita.
Identificación das necesidades e as demandas da clientela. Asesoramento e derivación a superiores ou diferentes profesionais.
Actitudes, destrezas e habilidades necesarias para o proceso de corte do cabelo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Personalización das técnicas do corte	22



4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara e identifica a zona de traballo, para o que selecciona os medios, os utensilios e as ferramentas.	NO
RA2 - Caracteriza as técnicas de corte en relación co efecto visual pretendido.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA1.3.5 CA1.3 - Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial nas técnicas de persoanlización do corte
CA1.18 Respéctanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersonal
CA1.18.5 Respéctanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersonal nas técnicas de personalización do corte
CA2.1 Identificáronse as técnicas e os estilos de corte.
CA2.2 Caracterizouse a técnica do corte recto, desfilado, dentado, entresacado, peliscado, etc.
CA2.3 Determináronse os utensilios empregados en cada técnica.
CA2.4 Establecéronse as liñas de corte para cada técnica.
CA2.5 Estableceuse a secuencia das fases de execución.
CA2.6 Determináronse as zonas de aplicación.
CA2.7 Seleccionáronse procedementos para a realización de técnicas de desfilado, dentado, entresacado, peliscado, etc.
CA2.8 Relacionouse o procedemento de cada técnica cos efectos e os resultados pretendidos.



4.2.e) Contidos

Contidos
Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal. Importancia do traballo en equipo. Parámetros que caracterizan as técnicas de corte. Liña de corte. Técnicas de corte recto, desfilado, dentado e entresacado ou baleirado, peliscado, etc.: utensilios empregados e forma de realización. Efectos visuais: parámetros que definen os efectos: volume, lonxitude, peso, densidade e simetría.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Características que inflúen na elección do corte	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza propostas de cortes de cabelo, analizando as características morfolóxicas e persoais da persoa usuaria.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícaronse as características e as alteracións do cabelo con influencia no corte.
CA3.2 Establecéronse pautas para a detección de necesidades e demandas da persoa usuaria.
CA3.3 Relacionáronse as proporcións faciais e corporais co cambio de lonxitude do cabelo.
CA3.4 Seleccionáronse as imaxes e fotografías de peiteados en función do estilo de corte proposto.
CA3.5 Identifícaronse os elementos dun bosquexo.



Criterios de avaliación
CA3.6 Realizáronse bosquejos gráficos para a proposta de corte.
CA3.7 Utilizáronse aplicacións informáticas para elaborar deseños de corte do cabelo.

4.3.e) Contidos

Contidos
Análise do cabelo e do coiro cabeludo: identificación das características e as alteracións do cabelo e do coiro cabeludo con influencia nas técnicas de corte. Análise morfolóxica facial e corporal: proporcións e xeometría morfolóxica da cabeza. Proporcións corporais e a súa influencia na elección do cambio de lonxitude do cabelo. Análise de demandas e as necesidades da clientela. Proposta de corte ou cambio de lonxitude do cabelo: elementos do deseño e da proposta. Bosquexos e a súa relación coas técnicas de corte. Deseño de cambios de lonxitude con programas informáticos. Interpretación de bosquejos, imaxes e fotografías.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Corte con tesoiras	57

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara e identifica a zona de traballo, para o que selecciona os medios, os utensilios e as ferramentas.	NO
RA4 - Corta o cabelo con tesoiras, tendo en conta a relación entre a técnica e as características do cabelo e o estilo de corte.	SI



4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do seu uso.
CA1.2.1 Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do uso da tesoirá
CA1.3 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA1.3.1 CA1.3 - Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial nos cortes a tesoirá
CA1.7 Aplicáronse medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria.
CA1.7.1 CA1.7 - Aplicáronse medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria nos cortes de cabelo coa técnica con tesoirá
CA1.9 Coidouse a imaxe do persoal profesional.
CA1.9.1 CA1.9 - Coidouse a imaxe do persoal profesional na técnica a tesoirá
CA1.16 Aplicáronse os protocolos de hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios.
CA1.16.1 CA1.16 - Aplicáronse os protocolos de hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios nos cortes coa técnica de tesoirá
CA1.18 Respéctanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal
CA1.18.1 CA1.18 - Respéctanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal nos procesos de corte coa técnica de tesoirá
CA4.1 Establecéronse pautas para o manexo e a suxeición da tesoirá.
CA4.2 Relaciónáronse os movementos de tesoirá co tipo de liña.
CA4.3 Efectuáronse as técnicas previas para o corte do cabelo.
CA4.4 Determináronse as particións no cabelo previas ao corte.
CA4.5 Estableceuse o procedemento para a realización do corte.



Criterios de avaliación
CA4.6 Valorouse a importancia da mecha guía.
CA4.7 Estableceuse a secuencia do corte na orde establecida.
CA4.8 Aplicáronse os procedementos establecidos na realización do corte con tesoir.

4.4.e) Contidos

Contidos
Medidas de protección do persoal profesional e da clientela durante o proceso de corte do cabelo. Ergonomía e hixiene postural. Criterios de selección das medidas de hixiene e desinfección de utensilios, aparellos e ferramentas utilizadas no corte. Mantemento: afiadura, engraxamento e protección das ferramentas. Preparación do profesional e da área de traballo: medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria. Hixiene postural. Lenzaría e utensilios auxiliares para o corte. Criterios de distribución de utensilios e materiais na área de traballo. Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal. Importancia do traballo en equipo. Instalacións. Seguridade e hixiene: aplicación de métodos de hixiene e desinfección. Técnica de utilización da tesoir: formas de suxeición e tipos de movemento. Preparación do corte con tesoir: operacións previas. Distribución do cabelo ou particións. Pautas de aplicación. Protocolo de execución. Procedementos segundo a técnica e os resultados pretendidos. Mecha guía. Criterios de selección da técnica de corte de pelo con tesoir. Tipos de corte con tesoir: orde e secuencia.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Corte coa navalla	38



4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara e identifica a zona de traballo, para o que selecciona os medios, os utensilios e as ferramentas.	NO
RA5 - Corta o cabelo con navalla, tendo en conta a relación entre o método e o estilo de corte.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do seu uso.
CA1.2.2 Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do uso da navalla
CA1.3 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA1.3.2 CA1.3 - Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial nos cortes a navalla
CA1.7 Aplicáronse medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria.
CA1.7.2 CA1.7 - Aplicáronse medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria. nos cortes de cabelo coa técnica de navalla
CA1.9 Coidouse a imaxe do persoal profesional.
CA1.9.2 CA1.9 - Coidouse a imaxe do persoal profesional na técnica a navalla
CA1.16 Aplicáronse os protocolos de hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios.
CA1.16.2 CA1.16 - Aplicáronse os protocolos de hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios nos cortes de cabelo a navalla
CA1.17 Seguiuse a normativa actual de control de utensilios cortantes.
CA1.18 Respéctanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersonal
CA1.18.2 CA1.18 - Respéctanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersonal nos procesos de corte coa técnica de navalla



Criterios de avaliación
CA5.1 Establecéronse as diferenzas entre o corte con navalla e con tesoura.
CA5.2 Establecéronse pautas para o manexo da navalla.
CA5.3 Realizouse a montaxe e a desmontaxe da coitela.
CA5.4 Establecéronse as seccións e as liñas para a realización do corte con navalla.
CA5.5 Relacionouse o ángulo de inclinación da navalla co efecto pretendido.
CA5.6 Estableceuse a secuencia de actuación.
CA5.7 Determináronse as precaucións que cumpra ter en conta no manexo da navalla.
CA5.8 Aplicáronse procedementos de realización do corte con navalla.

4.5.e) Contidos

Contidos
0 Medidas de protección do persoal profesional e da clientela durante o proceso de corte do cabelo. Ergonomía e hixiene postural. Criterios de selección das medidas de hixiene e desinfección de utensilios, aparellos e ferramentas utilizadas no corte. Mantemento: afiadura, engraxamento e protección das ferramentas. Normativa de control de residuos e utensilios cortantes: pautas de aplicación. Preparación do profesional e da área de traballo: medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria. Hixiene postural. Lenzaría e utensilios auxiliares para o corte. Criterios de distribución de utensilios e materiais na área de traballo. Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal. Importancia do traballo en equipo. Instalacións. Seguridade e hixiene: aplicación de métodos de hixiene e desinfección. Técnica de utilización da navalla: suxeición; medidas de protección. Preparación do corte con navalla: técnicas previas. Distribución do cabelo ou particións. Pautas de aplicación.



Contidos
Protocolo de execución: procedementos segundo a técnica e os resultados pretendidos. Criterios de selección das técnicas de corte de pelo con navalla: orde, precaucións e secuencia.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Corte corte coa maquinilla	45

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara e identifica a zona de traballo, para o que selecciona os medios, os utensilios e as ferramentas.	NO
RA6 - Realiza corte de cabelo con máquina, tendo en conta a relación entre a técnica e as características do cabelo e o estilo do corte.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do seu uso.
CA1.2.3 Mantivéronse as instalacións en óptimas condicións hixiénicas antes e despois do uso da maquinilla
CA1.3 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA1.3.3 CA1.3 - Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial nos cortes a maquinilla
CA1.7 Aplicáronse medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria.
CA1.7.3 CA1.7 - Aplicáronse medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria. nos cortes de cabelo coa técnica de maquinilla
CA1.9 Coidouse a imaxe do persoal profesional.



Criterios de avaliación
CA1.9.4 CA1.9 - Coidouse a imaxe do persoal profesional na técnica a navalla
CA1.16 Aplicáronse os protocolos de hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios.
CA1.16.3 CA1.16 - Aplicáronse os protocolos de hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios nos corte de cabelo a maquinilla
CA1.18 Respéctanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal
CA1.18.3 CA1.18 - Respéctanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal nos procesos de corte coa técnica de maquinilla
CA6.1 Establecéronse pautas para o manexo da máquina.
CA6.2 Seleccionáronse os accesorios e os utensilios en función da lonxitude desexada do cabelo.
CA6.3 Realizáronse a montaxe e a desmontaxe dos compoñentes e dos accesorios.
CA6.4 Verificouse o estado da máquina.
CA6.5 Realizáronse técnicas para o acondicionamento do cabelo.
CA6.6 Estableceuse a orde de realización do corte con máquina.
CA6.7 Aplicáronse procedementos establecidos na realización de corte con máquina.
CA6.8 Realizouse a perfilaxe dos contornos e outras técnicas de finalización.

4.6.e) Contidos

Contidos
0Medidas de protección do persoal profesional e da clientela durante o proceso de corte do cabelo. Ergonomía e hixiene postural.
Criterios de selección das medidas de hixiene e desinfección de utensilios, aparellos e ferramentas utilizadas no corte.
Mantemento: afiadura, engraxamento e protección das ferramentas.
Preparación do profesional e da área de traballo: medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria. Hixiene postural. Lenzaría e utensilios auxiliares para o corte. Criterios de distribución de utensilios e materiais na área de traballo.



Contidos
Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal. Importancia do traballo en equipo. Instalacións. Seguridade e hixiene: aplicación de métodos de hixiene e desinfección. Técnica de utilización da máquina: xeito de suxeición e manexo. Preparación do corte con máquina: criterios de selección de accesorios. Técnicas previas ao corte. Distribución do cabelo ou particións. Pautas de aplicación. Protocolo de execución: procedementos segundo a técnica e os resultados pretendidos. Tipos de corte con máquina: orde e secuencia.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Coordinar estilos e técnicas de corte	50

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara e identifica a zona de traballo, para o que selecciona os medios, os utensilios e as ferramentas.	NO
RA7 - Realiza estilos de corte, para o que determina as técnicas e as ferramentas necesarias.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.3 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA1.3.4 CA1.3 - Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial nos procesos de cortes combinados
CA1.9 Coidouse a imaxe do persoal profesional.



Criterios de avaliación
CA1.9.3 CA1.9 - Coidouse a imaxe do persoal profesional nos cortes de cabelo coas técnicas combinadas
CA1.16 Aplicáronse os protocolos de hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios.
CA1.16.4 CA1.16 - Aplicáronse os protocolos de hixiene e mantemento de ferramentas e utensilios nos cortes de cabelo con técnicas combinadas
CA1.17 Seguiuse a normativa actual de control de utensilios cortantes.
CA1.18 Respéctanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal
CA1.18.4 CA1.18 - Respéctanse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal nos procesos de corte en técnicas combinadas
CA7.1 Caracterizáronse os estilos de corte.
CA7.1.1 Descríbíronse os estilos de corte
CA7.2 Adaptouse o estilo de corte á análise previa das características da persoa usuaria.
CA7.3 Relacionouse o estilo de corte proposto con outros procesos (cambio de cor, forma, etc.).
CA7.4 Seleccionáronse cosméticos e ferramentas en función das necesidades.
CA7.5 Seleccionáronse as técnicas en función do resultado final.
CA7.6 Aplicáronse os procedementos establecidos para cada estilo de corte.
CA7.7 Aplicáronse as técnicas de finalización do corte de cabelo.
CA7.8 Avaliouse o resultado final.
CA7.9 Mantívose unha actitude ordenada e metódica na realización das actividades de traballo.



4.7.e) Contidos

Contidos
Criterios de selección das medidas de hixiene e desinfección de utensilios, aparellos e ferramentas utilizadas no corte. Mantemento: afiadura, engraxamento e protección das ferramentas. Normativa de control de residuos e utensilios cortantes: pautas de aplicación. Preparación do profesional e da área de traballo: medidas de protección do persoal profesional e da persoa usuaria. Hixiene postural. Lenzaría e utensilios auxiliares para o corte. Criterios de distribución de utensilios e materiais na área de traballo. Normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores. Aspectos básicos de comunicación verbal e non verbal. Comunicación interpersoal. Importancia do traballo en equipo. Instalacións. Seguridade e hixiene: aplicación de métodos de hixiene e desinfección. Características dos estilos de corte. Coordinación de técnicas. Criterios de selección de cosméticos e ferramentas. Criterios de integración de técnicas para realizar o estilo proposto. Procesos de execución de estilos de corte: fases, secuencia e xeito de realización. Interpretación dos datos obtidos da análise para a personalización do corte de cabelo.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva no presente módulo evidenciarán a consecución de todos os Resultados de Aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades que se desenvolverán ao longo do curso. Polo tanto, para poder superar o módulo o alumnado deberá demostrar a adquisición da competencias profesionais a través dos contidos, conceptuais, procedimentais e actitudinais reflectidos nos Criterios de Avaliación considerados mínimos esixibles para esta programación. Neste caso estableceuse como mínimos esixibles todos os Criterios de Avaliación , indicados en cada unha das Unidades Didácticas e vinculados aos Resultados de Aprendizaxe correspondentes.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación desenvolverase ao longo de 2 avaliacións, do seguinte xeito:

Co obxecto de avaliar ó alumnado, emitirase unha cualificación trimestral para o informe de avaliación correspondente, que será a media ponderada das cualificacións obtidas ó longo do trimestre. Para acabar a cualificación positiva o alumnado deberá acadar un 5 sobre 10, ou de ser o caso a media da nota asignada en cada unha das partes a avaliar (Proba escrita, Proba de produción de proba de desempeño), de non ser o caso o alumnado terá esa parte suspensa e polo tanto, a avaliación suspensa.

Para avaliar se se acadou a cualificación positiva trimestral do módulo disporese dunha serie de instrumentos de avaliación que estarán relacionados cos Criterios de Avaliación que se empregarán para avaliar:



INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

- Probas escritas (coñecementos) . Avaliarán os contidos conceptuais e realizaranse a través de preguntas curtas ou longas a desenrolar, probas orais, realización de debuxos ou esquemas.
- Probas prácticas :

Avaliarán os desempeños (TO) e a produción (LC)

Empregaranse Listas de cotexo (LC) onde os CA terán un mínimo, un medio e un máximo, onde o 5 será a nota mínima para acadar a avaliación positiva ou de ser o caso a media da nota asignada a proba. Faranse sobre fichas de traballo, tarefas e probas prácticas na aula taller (versarán na execución de cortes de cabelo, tendo en conta as medidas de seguridade e hixiene, desinfección e esterilización nos procesos) e actividades teórico-prácticas.

Empregaranse táboas de observación (TO), onde os CA terán un mínimo, un medio e un máximo, onde o 5 será a nota mínima para acadar a avaliación positiva ou de ser o caso a media da nota asignada a proba. Avaliaranse os desempeños do alumnado nas tarefas relacionadas co traballo en equipo, valoracións sobre a orde de traballo, valores, actitudes e autoxestión.

A ponderación dos Instrumentos de Avaliación na nota final será:

	UD1	UD2	UD3	UD4	UD5	UD6	UD7	TOTAL
Peso das UD (%)	4 %	10 %	8 %	20 %	19 %	19%	20%	100%
Probas escritas	41%	17%	49%	6%	7%	0%	8%	18,3 %
Probas de produción	59%	65%	51%	73%	69%	79%	64%	65,7 %
Probas de desempeño	0%	18%	0%	21%	24%	21%	28%	16 %

-A cualificación final do módulo que coincide coa avaliación final, será a media ponderada das tres avaliacións.

O alumnado que sexa sorprendido con algún medio para copiar nunha proba escrita terá que entregar o exame e dita proba será avaliada cun 1punto sobre 10 .

Tratamento dos decimais:

- A cualificación dunha avaliación farase sempre mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes se redondearán á alza ou á baixa ó enteiro máis próximo (se é maior de 5 redondearase a alza, se é igual ou menor, a baixa.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Para os alumnos que ó rematar o módulo non acaden o nivel esixido, realizaranse unha serie de actividades que se levarán a cabo no último trimestre do curso

- Repetición de tarefas teóricas vistos durante o curso. Repaso dos temas dados e probas escritas deles
- Realización de tarefas prácticas realizadas durante o curso académico.

Para o alumnado que teña pendente o módulo na avaliación previa a FCT, o profesor realizará un plan de recuperación para o período ordinario da realización da FCT. Esta recuperación será presencial. Estas actividades realizaranse no terceiro trimestre, durante o período da FCT do alumnado que superou todos os módulos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para aqueles alumnos/as que perderan o dereito á avaliación continua farase, unha avaliación extraordinaria que consistirá nunha proba teórico-práctica onde deberá demostrar a superación dos contidos mínimos xerais do módulo. Terá unha duración de tres (5) sesións e será realizada pola profesora do módulo.

- Realización de proba escrita dos contidos mínimos de cada unha das UD vistas ao longo do curso.
- Realización dun corte de cabelo baseándose nos mínimos esixibles argumentando o tipo de corte (bosquexo e técnicas a empregar) en función das características morfolóxicas do cliente.
- Selección axeitada dos útiles empregados en condicións de seguridade e hixiene óptimas e deixalas desinfectadas, esterilizadas e gardadas o rematar a proba práctica.
- Manter instalacións ordeadas antes e despois da tarefa práctica coidando a hixiene e desinfección.

A cualificación desta proba será a seguinte:

- Probas escritas: 20%
- Proba práctica: 80%

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Teñen como obxectivo corrixir as desviacións que se ocasionen na Programación Didáctica e producir adaptacións nestas cando xurdan situacións non previstas durante o curso.
Realizarase un seguimento mensual na reunión de ciclo



8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comenzo das actividades do curso, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá como obxecto coñecer as características, a formación previa de cada alumno/a así como as súas capacidades

Nesta sesión o titor/a do curso dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos/as o compoñan-

Esta información poderá proceder de:

- Informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada
- Dos estudos académicos ou das ensinanzas previamente cursadas
- Da experiencia profesional previa
- Dos informes ou dictames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo
- Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro

Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia á Xefatura de Estudos. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

- Material didáctico non homoxéneo
- Propoñer actividades que respondan aos distintos grados de aprendizaxe, tanto no desenvolvemento dos contidos como na fase de realización dos traballos
- Agrupamentos flexibles e ritmos diferentes
- Subdividir o grupo xeral en pequenos grupos que sexan homoxéneos no nivel de partida, para que sexa máis sinxelo axustar a axuda ás necesidades específicas de cada grupo. A organización de grupos de traballo permite que o alumno poida realizar tarefas diferenciadas
- Propoñer distintas actividades de reforzo ou profundización e fomentar a cooperación
- Metodoloxía diversa
- Enfocar ou presentar determinados contidos, diferenciando todos aqueles elementos que resultan esenciais e básicos dos que se amplían ou profundizan, considerando esenciais os mínimos esixibles
- Proposta de actividades diferenciadoras



9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A tolerancia trata basicamente o respecto, por tanto, e debido ao contacto humano que ofrece a nosa profesión proporáanse os seguintes obxectivos:

- respecto e solidariedade polas persoas que nos rodean, xa sexan compañeiros ou clientes
- non discriminar a ninguén por razóns de idade, raza, relixión, ou diferenzas individuais (económicas, ideolóxicas, físicas...)
- trato cortés e dilixencia cos clientes e membros da comunidade educativa, aplicando a deontoloxía profesional

A transición á vida adulta e os inconvenientes que atopan os alumnos/as na súa incorporación á vida laboral, e debido a que nos atopamos nun ciclo técnico profesional, propoñer algúns obxectivos que lle faciliten o contacto con este ou ben a continuidade nos estudos:

- facilitarase a ocupación profesional proporcionando información laboral (bolsas de emprego, INEM...)
- informarase sobre os aspectos humanos, científicos e técnicos profesionais
- proporcionarase un autocoñecemento persoal que lles facilite a toma de decisións no centro educativo e na súa posterior inserción ao traballo ou a outros estudos

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Cursos de corte, no IES con empresas do sector e profesionais da comarca que desexen participar si o permite a situación do momento (covid 19)

Os obxectivos destas actividades están encamiñadas a:

- Mellorar e favorecer o desenvolvemento persoal e profesional dos nosos alumnos
- Coñecer outras formas de actuación doutros profesionais.
- Facilitarlles a ampliación doutros horizontes, criterios e posibilidades laborais, así coma coñecer e valorar as súas propias posibilidades



10.Outros apartados

10.1) Semipresencialidade

SEMIPRESENCIAL

No caso de ser o curso de semipresencial dividiremos o grupo en dous, vindo cada metade do grupo una semana presencial onde se realizarán as prácticas de taller e a outra metade realizarán traballos teóricos sobre a práctica na semana que non veñen ao instituto . Colgaranse na aula virtual ou serán entregados persoalmente unha vez por semana tódolos exercicios correspondentes as 12 sesións semanais do módulo. Os exercicios e as dúbidas corríxiranse na semana presencial. O alumno no periodo que está na semana non presencial pode consultar a través da aula virtual e o enderezo do profesor calquera dúbida que poida ter con respecto ao módulo.

O sistema para avalialos será o mesmo que o presencial xa que os exames prácticos como escritos os farán na semana presencial.

As porcentaxes de cada unha das cualificacións na nota do trimestre será:

- AVALIACION CONCEPTUAL : 30%
 - Proba oral e/ou escrita: 20%
 - Traballos teórico/prácticos e de investigación 10%
- AVALIACION PROCEDIMENTAL 70% :
 - Traballos na clase : 30%
 - Exames prácticos : 40%

O alumno acadará como mínimo un 5 para poder facer media en cada un dos apartados anteriormente indicados.

Todas as probas calificaranse sobre 10.

O tipo de exame teórico poderá ser: tema a desenrolar, pregunta corta , tipo test, etc

10.2) Confinamento

No caso de que haxa confinamento e non poidan asistir os alumnos as clases presenciais e teña que ser todo a distancia, traballarase a través da aula virtual, correo corporativo (medios telemáticos) onde se colgarán actividades teórico-prácticas dos contidos non impartidos e de repaso e recuperación. Tamén poderase impartir algunha clase a través de Webex en caso de ser necesario.

Se é posible se farán as probas finais de forma presencial e senón faranse vía Webex, correo o aula virtual.

SON MÍNIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA

- Ter acadada a porcentaxe necesaria para aprobar, en relación os criterios de avaliación mínimos esixibles establecidos na programación.
- Manter un contacto coa profesora polas canles establecidas (Correo corporativo, aula virtual, Webex,etc).



- Visionado e análise do material didáctico enviado.
- Entrega de tódalas actividades didácticas propostas por parte da docente no tempo establecido.
- Realización correcta das actividades enviadas.
- Revisión das corrección das actividades feitas por parte da docente e nova entrega da actividade se fose o caso.

PROCEDEMENTO PARA DEFINIR AS ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN:

- Confeccionaranse actividades de recuperación para os contidos non superados.
- Para o deseño das actividades terase en conta as limitacións que presenta o alumnado en canto a recursos técnicos e materiais.
- As actividades poden presentarse en diversos formatos, fichas de traballo, cuestionarios, videos, pover-point ...
- O alumnado debe presentar as actividades no tempo establecido e no formato que se esixe.
- O alumnado ten a obriga de revisar as correccións realizadas por parte da docente e realizar de novo a actividade se fose o caso.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

En caso de estar as tres avaliacións en estado de alarma e darse o curso todo a distancia farase media aritmética das mesmas.

En caso de ter a primeira avaliación avaliada, esta puntuará un 50% e as outras dúas un 25% cada una.

En caso de ter dúas avaliacións avaliadas farase media aritmética das dúas e terán un valor de un 80% e a terceira un 20%.

As ponderacións serán as seguinte:

Traballos, boletins, fichas, etc: 80%,;

Probas ou exames : 20%.

En caso de ser preciso si se pode se realizarán exames ou probas presenciais e de non poder será vía aula virtual, Webex, correo corporativo.

PERDA DO DEREITO A AVALIACIÓN CONTINUA

O alumnado que esté en situación de Perda do Dereito a Avaliación Continua poderá realizar unha proba de avaliación extraordinaria, se pode ser presencial e en caso de non poder ser vía Webex, correo corporativo o aula avirtual.